

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 20/01/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

Lista de non asistentes

PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 20/01/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión.

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 13 de xaneiro de 2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/0066

Dáse conta do escrito presentado pola Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, solicitando autorización para instalar unha unidade mobil na Avda. da Mariña (diante da antiga Comandancia) os días 17 e 18 de xaneiro de 2025.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/0068

Dáse conta do escrito presentado pola Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, solicitando autorización para instalar unha unidade mobil de 15 metros, na Prada da Liberdade - Carril (xunto ao Peirao), o día 21 de xaneiro de 2025, en horario de 16:00 a 21:00 horas.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/0069

Dáse conta do escrito presentado por D. José Antonio Rodríguez Estepa solicitando autorización para ocupación de vía pública para a exposición e venda de fotografías nas Festas de San Roque - Festa da Auga 2025, cun expositor de aproximadamente 12 x 2 metros no lugar habitual (Rúa Juan García).

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.

- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/0078

Na Xunta de Goberno Local do día 04/09/2024 acordouse adxudicar á empresa EUROCOP SECURITY SYSTEMS S.L. un servizo de migración da aplicación informática de xestión da Policía Local EUROCOP VB á versión CUBE, a forma de explotación será en modo Cloud Computing e un servizo de aloxamento Cloud, para o período do 01/10/2024 ao 31/12/2024 por un importe de 665,50 € IVE incluído.

Actualmente a nova aplicación EUROCOP CUBE está instalada e realizada unha primeira migración de datos para comprobar o funcionamento. Así mesmo levouse a cabo una primeira formación a administradores e usuarios.

É necesario que a nova aplicación EUROCOP CUBE, estea en pleno funcionamento durante o mes de marzo de 2025, debido aos cambios de funcionamento da Dirección Xeral de Tráfico. Para conseguir este obxectivo, estará operativo o módulo de xestión de persoal e cuadrantes de EUROCOP CUBE a partir do un de xaneiro de 2025. O resto dos módulos deben estar en funcionamento nos sucesivos meses, polo tanto é necesaria una formación tanto dos usuarios (policías locais) como dos administradores (servizo de informática).

Para poder realizar as actuacións anteriores é totalmente necesario a contratación dunha bolsa de trinta horas de formación a administradores e usuarios da aplicación EUROCOP CUBE para realizar nos primeiros meses do ano 2025.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa EUROCOP SECURITY SYSTEMS S.L. dunha bolsa de TRINTA horas de formación a administradores e usuarios da aplicación EUROCOP CUBE da Policía Local, por un importe de 2.541,00 € IVE incluído, con cargo á partida 132.22706.

PRP2025/0079

Dáse conta de escrito da Xefatura Provincial de Tráfico de Pontevedra, remitindo Anexo I da Instrución DGT 2024/22-MOV, sobre o Calendario de Campañas especiais de control e vixilancia de ámbito nacional a realizar duante o ano 2025, para coñecemento e efectos oportunos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/0080

dáse conta de Resolución da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, do 25 de outubro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria, mediante tramitación anticipada de gasto, do procedemento de concesión de subvencións para a planificación enerxética de entidades locais e comunidades enerxéticas. Anualidade 2025 (código de procedemento IN418E).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

RECURSOS HUMANOS

PRP2025/0058

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de decembro de 2024, por un importe total de 7.850,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	PLENOS E XGL		COMISIONS INFORMATIVAS		MESA CONTRATACIÓN XERENCIA URBANISMO		TOTAL EUROS
	Nº sesións	DIETAS	Nº sesións	DIETAS	Nº sesións	DIETAS	
D. CARLOS COIRA LOJO	6	x 150,00 €	2	x 125,00 €	2	x 50,00 €	1250,00 €
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	6	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	1150,00 €
Dª LUZ MARIA ABALO PÉREZ	6	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	1200,00 €
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	150,00 €
Dª Mª ELENA SUAREZ SARMIENTO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. JESUS REY RODRIGUEZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	150,00 €
Dª MARTA MARÍA FERRADANS PADIN	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €
D. JULIO VARELA CARDALDA	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PAZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €
Dª ROSA Mª ABUIN RODRIGUEZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	2	x 50,00 €	500,00 €
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	2	x 50,00 €	500,00 €
T O T A L							7850,00 €

PRP2025/0059

En sesión plenaria do 27 de xullo de 2023 acordouse fixar como aportación para gastos de sostemento dos grupos municipais a cantidade mensual de 350,00 € como compoñente fixo e 300,00 € como compoñente variable en función do número de concelleiros do grupo con efectos retroactivos do 17 de xuño de 2023,

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor dos seguintes grupos municipais, por importe total de 7.400,00 €, con cargo á partida 912.489, polo período do 1 ao 31 de decembro de 2024, coa seguinte desagregación:

GRUPO MUNICIPAL	Número concelleiros	Comp. Fixo €	Compoñente variable €	Total Mes
PARTIDO POPULAR G36573152	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
PSdeG-PSOE G36573277	8	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	2.750,00 €
BNG V36594372	2	350,00	300,00 x 2 = 600,00 €	950,00 €
ESQUERDA UNIDA V94192663	1	350,00	300,00 x 1 = 300,00 €	650,00 €
T O T A L	7.400,00 €			

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2025/0071

Na data 30 de decembro de 2024 tivo lugar a Comisión de Seguimento Ordinaria do Convenio de Colaboración a Agencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e a Federación Galega de Municipios e Provincias, na devandita comisión propúxose o mantemento da consideración como aula de referencia a aula CEMIT do Concello de Vilagarcía para o ano 2025, coas consecuencias inherentes a tal condición.

Sendo unha destas condición para o mantemento da subvención de 15.000€ destinada ó desenvolvemento das actuacións, cursos que se realicen en materia de inclusión dixital na aula de referencia CEMIT do concello, na anualidade 2025.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/0081

Dáse conta de escrito do Servizo de Orientación Laboral, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade comunicando que con motivo da próxima finalización do período subvencionado para realizar actividades de orientación laboral para o ano 2024 ao abeiro da orde de 22 de decembro de 2023, Informa que as entidades que presten servizos de orientación financiadas ao abeiro da citada orde e rematen agora a súa vixencia en xaneiro 2025, poden solicitar autorización para o mantemento provisional dos servizos de orientación laboral que foron subvencionados para o exercicio de 2025, remitindo as solicitudes antes do 17 de xaneiro de 2025.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/0093

O 16 de decembro de 2024 a Asociación de Comerciantes Zona Aberta presenta, a través de sede electrónica, presenta solicitude de transferencia do 40% restante (15.000 €) da aportación municipal, da segunda cota correspondente ao Concello dentro da campaña BONOS SON DA CASA 2023, aportando como documentación xustificativa extracto bancario da transferencia aos establecementos adheridos da cantidade dos 22.500 Euros que lle foron transferidos dende o Concello en cumprimento dos termos do convenio.

O extracto bancario aportado, reflicte o ingreso por parte do Concello de Vilagarcía da cantidade de 22.500 euros e a relación de transferencias realizadas aos diferentes comercios entre a data do ingreso por parte do Concello e o 16 de decembro de 2024, data na que, tal como consta no documento bancario, a conta queda a cero euros.

Tendo en conta o exposto e vista a documentación aportada aos efectos de xustificación, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Ter por debidamente xustificado pola Asociación de Comerciantes o aboamento aos establecementos adheridos da cantidade de 22.500 € transferidos polo Concello o 29 de novembro de 2024.
- O recoñecemento de obriga e a realización da transferencia á Asociación de Comerciantes Zona Aberta da cantidade restante correspondente ao 40% do total da aportación municipal (15.000 €) en cumprimento dos termos do convenio, con cargo á partida 4311.470.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2025/0077

O Concello de Vilagarcía a través da Concellería de Xuventude vai organizar unha nova edición de (In)fórmate a III Xornada Técnica sobre Formación e Futuro laboral dirixido a estudantes de 4º da ESO, 1º de Bacharelato e 1º de Ciclos Medios e 1º de Ciclos Superiores de Formación Profesional dos centros educativos do municipio, a desenvolver o día 21 de febreiro de 2025, no Auditorio Municipal.

Esta actividade ten como finalidade facilitar a elección sobre a traxectoria profesional que debe afrontar o estudantado, cando rematen os estudos de secundaria, bacharelato e ciclos, de elixir o seu futuro académico e profesional, é por elo que desde a Concellería de Xuventude pon en marcha esta iniciativa para ofrecerlles aos mozos/as de Vilagarcía un abano de titulacións e de experiencias profesionais para que teñan máis claro onde dirixir a súa vocación e polo tanto o seu futuro laboral. A III edición da Xornada sobre Formación e Futuro Laboral artella o seu programa en tres áreas principais: saídas profesionais e laborais, programas formativos e novas profesions dixitais. (In)Fórmate: III Xornada Técnica sobre Formación e Futuro laboral estrutúrase en tres espazos ou zonas:

Espazo de divulgación académica: haberá unha zona propia onde entidades académicas presentarán ao alumnado a súa oferta académica, co obxectivo de orientalos/as onde estudar.

Entre as entidades e centros de formación participantes estarán:

- Universidade de Santiago de Compostela-Programa A Ponte
- Universidade de Vigo-Uvigo
- Universidade da Coruña-UDC
- Orientación e Información Profesional da Subdirección Xeral de Innovación Profesional e Coordinación co sistema produtivo
- EOI (Escola de Idiomas de Vilagarcía de Arousa)
- CIFP Carlos Oroza
- Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFA)
- Aula D Escola de Deseño de Vigo
- CIFP Fontecarmoa
- IES Cotarelo Valledor
- Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia
- AFN-Aeroflota do Noroeste
- Universidade Intercontinental da Empresa
- UE-Universidade Europea
- U-Tad Centro Universitario de Tecnoloxía e Arte Dixital.
- Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa
- CIFP A Granxa de Ponteareas.

Vista a proposta da Concellería de Xuventude e Voluntariado, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación ás seguintes empresas e provedores e disposición dunha cantidade para imprevistos, cun importe estimativo total de 4.662,30 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.22610:

- 1440€ (10% IVE engadido), orzamento presentado por Empresa Pereira SL, 19 pol. Ind. Trabanca, rúa Patiño, 19 e CP 36600 Vilagarcía e con CIF.: B36030997 para a recollida e traslado do alumnado dos centros educativos: IES Cotarelo Valledor, CIFP Fontecarmoa e IES O Carril que participarán na xornada e traslado ao Auditorio e regreso posterior ás aulas.
- 1004,3€ (IVE do 21% engadido), orzamento presentado por Pablo Jueguen García con NIF.:35473888E e con enderezo en Avda. da Mariña, 100 5ºA, 36600 Vilagarcía, para pre-produción, montaxe e gravación dun video e que recollerá varios testemuños de diversas persoas que destacan nun determinado ámbito laboral e que falarán das súas traxectorias profesionais e dos

seus proxectos laborais para que poidan servir de referencia aos mozos/as participantes. Inclúe a proxección do mesmo a cargo dun técnico de vídeo.

- 825,00€ (ive 10%engadido), orzamento presentado por GOHEAD RESTAURACIÓN 2020 SL Con NIF.: B94198934 e enderezo en Rúa Baldosa nº 11 baixo, 36600 Vilagarcía de Arousa para un servizo de 50 almozos (para a pausa-café) para os/as relatores/as e informadores/as do espazo académico e expositivo que participen na xornada técnica.

- 242 € (IVE 21% engadido), orzamento presentado por Diego Alcaine Torres (TV Arousa produción Audiovisual) con DNI.: 35466795J e enderezo en Porto Rey 10, 2º E e CP.: 36600 para a realización das tarefas de moderador do relatorio-coloquio da xornada.

- 130,00 (Ive do 21% engadido), orzamento presentado por Papelería Arines con CIF.: E 36 307 718 e enderezo en Gumersindo Nartallo nº 9, baixo, 36600 Vilagarcía de Arousa para a subministración de dúas caixas de 100 identificadores en total (50 por Caixa) para a acreditación dos/as relatores/as e informadores/as asistentes á xornada técnica.

- 21€ (IVE engadido) para a adquisición de 100 botellíns de auga Froiz (de 33cl) para os/as relatores/as e informadores/as do espazo académico e expositivo. Orzamento presentado por distribuciones Froiz, S.A.U, Rúa Xunqueira 36600 e con CIF.: A/36 036 739.

- Por outro lado, faise necesario reservar unha cantidade, para facer fronte aos imprevistos que poidan xurdir derivados da organización do evento de 1000 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2025/0055

Dáse conta da chegada o día 23/12/2025 dunha resolución da dirección da entidade Augas de Galicia no expediente sancionador con clave DH.D36.98212 incoado por Augas de Galicia ao Concello de Vilagarcía de Arousa por desatención a un requirimento en materia de vertidos ao río do Con procedentes da rede de augas pluviais que desaloxa a través dunha tubaxe de formigón na marxe dereita do río por detrás da praza de abastos (Clave DH.D36.98212). O Concello realizou neste punto varias obras que non conseguiron eliminar totalmente o punto de verquido, polo que, Augas de Galicia considera que o requirimento foi só parcialmente atendido.

Á vista do expediente, a Xunta de Goberno Local acorda:

- O recoñecemento da obriga, a aprobación do gasto e aboamento da multa por importe de 1 500 € co aboamento a través do impreso que se achega coa resolución, con cargo á partida 929.22699.

O importe das sancións recibidas entre os días 16 e último día de cada mes, deberá aboarse ata o día 5 do segundo mes seguinte ou o inmediato posterior a partir da notificación da presente resolución (notificación recibida o día 23/12/2024, polo que deberá aboarse antes do día 05/02/2025).

- A adopción das medidas que se consideren oportunas para intentar eliminar o punto de vertido.

PRP2025/0075

O día 26/12/2024 publicouse no DOG as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia para o ano 2025.

O artigo 2.1.a) establece que poderán ser beneficiarias destas axudas os concellos situados na

área de influencia socioeconómica do Parque Nacional.

Consonte o artigo 6 da Orde poderán ser obxecto de subvencións os investimentos na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional referidos a:

a) iniciativas públicas desenvoltas por concellos que supoñan actuacións efectivas de conservación da biodiversidade. As actuacións subvencionables serán do tipo: realización de actuación de conservación de hábitats terrestres e especies, restauración de ecosistemas degradados, de conservación da biodiversidade, así como actuacións de eliminación e control de especies exóticas invasoras.

O artigo 8 das bases regula o importe e intensidade da axuda e dispón que se subvencionará o 100% do investimento subvencionable no caso de concellos, ata un importe máximo de axuda de 10 000 €.

O artigo 7.9.c) establece como gasto non subvencionable o IVE, entre outros.

O artigo 3 desta Orde establece as obrigas das persoas beneficiarias, entre as que están desenvolver un sistema de contabilidade separado e específico en relación con estas subvencións ou un código contable axeitado para todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionables que permita o seguimento dos gastos financiados a través destas subvencións e o artigo 29 establece as obrigas en relación coa publicidade.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención para subvencionar o proxecto “estudio e análise físicoquímico e caracterización do solo do parque de Compostela e elaboración de propostas de mellora e xestión do solo e selección de especies acondicionadas á contorna” debendo aceptarse os requisitos establecidos na orde de convocatoria da subvención.

Aprobación da solicitude de subvención por unha cantidade de 9 900 euros IVE non incluído

	IMPORTE SUBVENCIONABLE	ACHEGA MUNICIPAL (IVE)	TOTAL
ORZAMENTO PROXECTO	9 900 €	2 079 €	11 979 €

Dado que o IVE non é subvencionable, o Concello comprometese a achegar a cantidade de 2.079,00 euros por este concepto.

CULTURA

PRP2025/0060

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado BATA Servicios Integrales a la Comunidad, S.L., para reparto de material publicitario das actividades de carácter cultural durante o ano 2025, por importe de 3.034,68 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0062

Na Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o día 18-11-2024, (PRP2024/4242) acorda aprobar o convenio de colaboración entre o Concello e a Confraría de Pescadores Virxe do Rosario de Vilaxoán co fin de colaborar nos gastos de mantemento da Axencia de Lectura de Vilaxoán, que se atopa situada en terreos da Confraría, así como nos gastos (consumo eléctrico, auga, limpeza...) que conleva o uso das propias instalacións da Confraría (Salón de Actos) por distintos colectivos. A Xunta de Goberno acorda aprobar o convenio, segundo o cal o Concello colaborará anualmente nun 50% dos gastos correntes derivados do consumo eléctrico, auga e mantemento das instalacións, sen que en ningún caso poida superarse a contía de 6.000,00€. (aplicación

orçamentaria 334.448201), con efecto dende o 1 de xaneiro de 2025, e terá unha duración de 2 anos, que se prorrogará anualmente salvo denuncia expresa de calquera das partes cun aviso previo dun mes á data da finalización do mesmo.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da convenio de colaboración entre o Concello e a Confraría de Pescadores Virxe do Rosario de Vilaxoán debidamente asinado entre as partes.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/0063

En Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o día 30 de decembro de 2024, se procede a tramitación de aprobación de gasto de necesidades para o desfile de Cabalgata de Reis 2025, por un importe estimativo de 21.086,26€.

Nos gastos establecidos e indicados na proposta inicial de aprobación de gasto (PRP2024/5126) están incluídos o cambio de rodas das Carrozas (Carrozas Reis Magos e Carrozas Agasallos) así como a instalación de línea e conectores para alimentación eléctrica para os inversores que van colocados nos coches.

Dado a imprevistos xurdidos no momento da prestación destes servizos, como son pezas en mal estado nas carrozas para os cambios de rodas, foi indispensable instalar novas pezas, para o bo funcionamento, para evitar unha situación que conleve risco.

Asemade, na instalación de línea e conectores para alimentación eléctrica para os inversores que van colocados nos coches, inicialmente 3 coches, sendo necesario a instalación nun cuarto coche, así como material que previamente non se considerou imprescindible, o momento da instalación foi necesario para o bó funcionamento dos inversores.

Segundo o exposto, e dado que o servizos solicitados están en proceso de remate, non se poden presentar orçamentos de gastos axustados, polo que se estima una cantidade aproximada de 2.000,00€

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar, segundo o indicado na proposta a ampliación de gasto por importe de 2.000,00€, sendo o importe total estimativo incluído a cantidade de ampliación do desfile de Cabalgata 23.086,26€ con cargo a partida orçamentaria de gasto 338-22199 exercicio 2025.

PRP2025/0111

Dende o mércores día 15 de xaneiro ata o 2 de febreiro, mostrase no Museo do Pobo Galego, a exposición titulada titulada “LOUZA DE BAMIO, MULLERES E TERRITORIO” que fai un percorrido dun oficio, hoxe desaparecido , pero que no seu día foi de gran relevancia na parroquia de Bamio. Esta exposición é un proxecto de louceir@s de Bamio, da Asociación de MM.RR. San Xínés de Bamio , con apoio do Concello de Vilagarcía de Arousa e en colaboración do Museo do Pobo Galego.

Dende a inauguración da exposición (15 de xaneiro) esta Concellería de Cultura é coñecedora da boa aceptación e numerosas visitas que está recibindo dende distintos puntos de Galicia e de fora da nosa comunidade, e para darlle unha maior difusión e relevancia, dada a importancia que ten na nosa historia local, realizarase unha visita o día 24 de xaneiro para que a nosa veciñanza poida ver as pezas expostas.

Para esta visita, é necesario o servizo de autobús, para o traslado a Santiago de Compostela daquelas persoas que queiran participar na mesma.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Empresa Pereira SL, por un implorte de 391,01 €, con cargo á partida 334.223, para o servizo de autobús para visita ao Museo do Pobo Galego o día 24 de xaneiro de 2025.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2025/0040

Dáse conta da proposta da Alcaldía para aprobar o proxecto técnico denominado "Plan 2025 de reparacións de beirarrúas no casco urbano de Vilagarcía de Arousa:

O servizo municipal de obras detectou varios tramos de beirarrúas do casco urbano de Vilagarcía de Arousa que se atopan seriamente deteriorados, co consecuente perigo que supón para as persoas que camiñan cada día polas mesmas.

Visto o anterior, e tendo en conta que este servizo de obras municipais carece de medios suficientes para poder atender estas tarefas, dende o Concello de Vilagarcía de Arousa plantéxase a necesidade de levar a cabo as obras necesarias para a reparación das citas beirarrúas, para o cal foi redactada memoria valorada polo enxeñeiro técnico municipal, don Óscar Álvarez González.

De conformidade co documento técnico de referencia, considérase que esta actuación, mediante a cal se levarán a cabo reparacións en pequenos tramos puntuais das beirarrúas de varias rúas do casco urbano de Vilagarcía de Arousa, é precisa para garantir a seguridade e evitar posibles caídas dos viandantes.

O proxecto contempla, en resumo, a realización de obras consistentes en arranxar as beirarrúas do casco urbano de Vilagarcía de Arousa, nos tramos que presentan deterioro, para o cal se levarán a cabo tarefas de demolición e nova reposición de beirarrúa, con baldosa idéntica á existente, asentada sobre mortero e base de HM-20/B/25/I de 2 e 15 cm. de espesor, lechada, incluso preparación de asento e p.p. de bordillo C4 e acopio e retirada de escombros.

Segundo o recollido na memoria valorada, preténdese actuar nun total de 680 m² de beirarrúa.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, dispón no seu artigo 25 que os municipios teñen competencias propias en Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade (apartado d).

O artigo 26 da mesma norma estable os servizos de prestación obrigatoria para os municipios, incluíndo, para todos, con independencia do seu número de habitantes, o servizo de acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

No mesmo senso se pronuncia a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia nos seus artigos 80 e 81.

O orzamento deste proxecto ascende á cantidade de 48.055,79 € (IVE engadido).

O prazo de execución é de 1 mes.

Visto o que antecede,

A Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o proxecto técnico denominado "Plan 2025 de reparacións de beirarrúas no casco urbano de Vilagarcía de Arousa", redactado polo enxeñeiro técnico municipal, D. Óscar Álvarez González, cuxo importe de licitación (IVE engadido) ascende a de 48.055,79 €.

PRP2025/0042

Dáse conta da proposta da Alcaldía para aprobar o proxecto técnico de reforma e ampliación do saneamento nun tramo da Avda Rosalía de Castro:

Os servizos técnicos municipais detectaron a existencia dun tramo da rede de saneamento xeral na Avenida Rosalía de Castro que se atopa en moi mal estado. O colector existente é de formigón e presenta numerosas roturas e gretas que provocan atascos recorrentes que xeran molestias á

veciñanza. Esta situación, á súa vez, supón unha gran carga de traballo en labores de mantemento para os servizos técnicos municipais.

Coa finalidade de dar unha solución aos referidos problemas de saneamento existentes neste vial, foi redactado proxecto técnico polo enxeñeiro técnico industrial ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González. Neste documento contéplase a reforma do tramo deteriorado da rede de saneamento, descartando a simple reparación parcial do colector, dado o seu estado.

De conformidade co citado proxecto, as obras que se pretenden acometer consisten basicamente en:

- Demolición de beirarrúa existente e escavación de gabias para instalación de novo colector de saneamento con tubaxe e novas acometidas ás edificacións afectadas.
- Execución de novo colector para rede de pluviais lonxitudinalmente á PO548 e conexión dos embornais existentes a dita rede.
- Cruce de estrada autonómica para conexión da nova rede de pluviais co colector existente.
- Executaranse de novo as acometidas, arquetas de saneamento e pluviais con marco e tapa de Fundición Ductil C-250. Os novos pozos de rexistro serán prefabricado de formigón con tapa de Fundición Ductil C-250.
- Reporanse os pavimentos afectados pola execución da obra.
- As beirarrúas se reporán con pavimento de baldosa hidráulica, similar á existente, sobre solera de formigón.
- Tal e como recollen os planos do proxecto técnico, existen numerosos servizos que poden resultar afectados durante as obras, polo que se contactará coas correspondentes empresas para marcar, localizar e coordinar as actuacións coas mesmas.
- Aínda que non está prevista a execución de gabias no vial da PO-548, valorouse o fresado e reposición da metade do vial no tramo afectado polas obras, debido a que ao modificar a conexión dos embornais puidera afectarse o carril.

O referido documento técnico establece que o cruce da estrada autonómica para a conexión do novo colector de pluviais executarase de acordo coas especificacións establecidas pola AXI.

Con data 2 de xaneiro de 2025, o xefe do servizo provincial de Pontevedra da Axencia Galega de Infraestruturas ditou Resolución de outorgamento de autorización para as obras de reforma e ampliación do saneamento nun tramo da Avda. Rosalía de Castro (O Carril).

O presente contrato ten a consideración de obra completa, non fraccionándose o obxecto do contrato, constituíndo este unha unidade funcional. As prestacións incluídas no documento técnico satisfacen a necesidade da celebración deste contrato.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, dispón no seu artigo 25 que os municipios teñen competencias propias en abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais (apartado c); así como en Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade (apartado d).

O artigo 26 da mesma norma establece os servizos de prestación obrigatoria para os municipios, incluíndo, para todos, con independencia do seu número de habitantes, os servizos de rede de sumidoiros.

No mesmo senso se pronuncia a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia nos seus artigos 80 e 81.

O orzamento deste proxecto ascende á cantidade de 122.489,93€€ (IVE engadido).

O prazo de execución establecido no referido documento técnico é de 3 meses.

Tendo en conta o que antecede,

A Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobado o proxecto técnico denominado “Reforma e ampliación do saneamento nun tramo da Avenida Rosalía de Castro”, redactado polo enxeñeiro técnico industrial ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, cun orzamento (IVE engadido) de 122.489,93€.

PRP2025/0056

Dáse conta da proposta da Alcaldía para adxudicar o subministro dunha silla de oficina para a oficina do Grupo Municipal E.U:

A oficina do grupo municipal de Esquerda Unida (EU) non conta cunha cadeira de oficina con rodas o que resulta incómodo á hora de traballar no ordenador, ademais de provocar ruídos derivados do arrastre da cadeira. Por iso precisase adquirir unha silla de oficina con brazos axustables en altura e ancho e respaldo con reforzo lumbar regulable, para a oficina do Grupo Municipal de Esquerda Unida.

Solicitado orzamento á empresa TELESERVICIO INSTALACIONES DE OFICINA, S.L (B36365369) esta oferta o seguinte:

Oficina dos Grupos Municipais	concepto	UD.	PREZO (IVE excluído)	PREZO (IVE incluído)
	Silla de Oficina	1	355,00 €	429,55 €

O obxecto do contrato non se está a fraccionar para evitar as normas de publicidade contempladas na Lei de Contratos do Sector Público, xa que so se precisa adquirir a cadeira indicada para a oficina do Grupo Municipal de E.U.

O prazo de execución deste contrato menor de subministro será de 7 días.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a compra dunha silla de oficina, para a oficina do Grupo Municipal de Esquerda Unida, por importe de 355,00 euros (sen IVE); 429,55 euros (IVA engadido), con cargo á aplicación orzamentaria 920-215 do orzamento de 2025.

PRP2025/0057

Dáse conta da proposta da Concelleira de Urbanismo, mobilidade e educación para adxudicar o contrato menor de servizos de Apoio Técnico para a preparación da convocatoria da EDIL do Concello de Vilagarcía de Arousa (Estratexias de desenvolvemento integrado local):

En data 7 de outubro de 2024 publicáronse no BOE as Bases Reguladoras para a asignación de senda financeira FEDER a Planes de actuación integrados de entidade locais, no marco do Desenvolvemento Urbano Sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027.

Mediante Resolución do 23 de decembro de 2024 da Dirección Xeral de Fondos Europeos, aprobouse a convocatoria para dita asignación, dando como prazo máximo de entrega da solicitude ata as 15:00 horas do día 28 de febreiro de 2025.

É intención do Concello de Vilagarcía de Arousa presentar solicitude en dita convocatoria, para o que é necesario contar con asesoramento técnico especializado na materia en orde á preparación e documentación da solicitude, non existindo no cadro de persoal municipal traballadores cos coñecementos específicos precisos, polo que é preciso contratar un servizo de asistencia externo. O servizo a desenvolver terá por obxecto asesorar e colaborar co Concello de Vilagarcía de Arousa na preparación de toda a documentación técnica necesaria para que se poida concorrer á convocatoria mencionada.

O alcance dos traballos abarcará as seguintes tarefas e funcións:

- Revisión da documentación estratéxica elaborada polo Concello (Axenda Urbana, PSTD...)
- Reunións co equipo de Goberno para seleccionar as actuacións que conformarán o PAI que

se prantexarán na convocatoria.

- Reunións coa Intervención e Secretaría para preparar a documentación.
- Preparación da documentación técnica e asesoramento coa documentación administrativa para a presentación da solicitude do Concello de Vilagarcía de Arousa segundo está determinada nas bases e na convocatoria.
- Soporte durante a presentación da documentación á convocatoria.

O prazo de execución para a elaboración da documentación técnica necesaria para poder concorrer este Concello á convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Planes de actuación integrados de entidades locais abarcará dende o día seguinte á data de adxudicación do contrato e ata o 28 de febreiro de 2025 ás 15:00 horas.

No presente contrato non se está a alterar o seu obxecto coa finalidade de eludir os límites establecidos no art. 118.1 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, xa que o contrato unicamente ten por obxecto asesorar e colaborar co Concello de Vilagarcía de Arousa na preparación de toda a documentación técnica necesaria para que se poida concorrer á convocatoria antes indicada.

Solicitado orzamento a CINFO Contenidos Informativos Personalizados, S.L, (NIF: B15757941) para levar a cabo os traballos antes indicados para poder concorrer este Concello á convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Planes de actuación integrados de entidades locais, presenta unha oferta por importe de 14.000,00 € (IVA non incluído).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato menor de servizos de “Apoio técnico para a preparación da convocatoria da EDIL do Concello de Vilagarcía de Arousa” á empresa CINFO Contenidos Informativos Personalizados, S.L, (NIF: B15757941) por importe de 14.000,00 (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 2.940,00 €, o que totaliza unha oferta de 16.940,00 (IVE incluído) de conformidade coa súa oferta, e con cargo á aplicación orzamentaria 134-22706.

PRP2025/0112

Dáse conta da proposta do Concelleiro de Deportes para aprobar o prego de prescricións técnicas para o subministro de 600 asientos compactos con respaldo para apoio lumbar con destino ao Pavillón Polideportivo de Fontecaroma I, e da solicitude de subvención con cargo ao II Plan Extraordinario de Infraestruturas deportivas:

O pavillón polideportivo de Fontecaroma está sendo obxecto dunha profunda remodelación, principalmente na súa cuberta, instalacións e envolvente, cun orzamento superior aos 2.000.000,00€, cuxo obxecto é solventar os problemas de humidade e filtracións que ata o momento soporta a instalación.

Co remate das obras na infraestrutura é necesario dotar a instalación dos elementos necesarios para que o público asistentes aos partidos o realiza coa maior comodidade posible, polo que se considera necesario a dotación de asentos no graderío.

Co presente investimento preténdese obter 600 asentos e a súa correspondente parafusería, para que persoal municipal proceda á súa instalación nas bancadas de formigón do pavillón deportivo de Fontecaroma I.

O orzamento deste proxecto ascende á cantidade de 8.712,00€ (IVE engadido).

O prazo de execución establecido no referido documento técnico é de 1 mes.

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 22 de outubro de 2024, BOPPO nº 203, publica as bases reguladoras e convocatoria do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, coa

finalidade de activar unha convocatoria de subvencións que permita aos concellos interesados dispoñer de financiamento para acometer actuacións de modernización e mellora das infraestruturas deportivas xa existentes, así como novas construcións.

Vista a Resolución Presidencial da Deputación de Pontevedra, do 4 de novembro de 2024, relativa á aprobación do repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello da provincia e indicación do importe máximo de subvención ao que pode optar cada concello, que dispón para o concello de Vilagarcía un importe total máximo de 312.190,88 €.

Visto o que antecede,

A Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o “Subministro de 600 asentos compactos con respaldo para apoio lumbar con destino ao Pavillón Polideportivo de Fontecarmoa I”, redactado director de actividade deportivas, don Juan Miguel Doval Blanco, cun orzamento de 8.712,00€ (IVE engadido).
- 2.- O investimento relativo ao investimento da subministración de 600 asentos compactos con respaldo para apoio lumbar con destino ao Pavillón Polideportivo de Fontecarmoa I, encádrase no exercicio das competencias municipais, de conformidade co establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 25.2.I e 26.1); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos seus artigos 80.2.n) e 81.c) e na Lei 3/2012, de 2 de abril, de deporte de Galicia (artigo 8).
- 3.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, a cantidade de 8.712,00€, para financiar o investimento “Subministro de 600 asentos compactos con respaldo para apoio lumbar con destino ao Pavillón Polideportivo de Fontecarmoa I”.

PRP2025/0113

Dáse conta da proposta do Concelleiro de Deportes para aprobación do prego de prescricións técnicas para a subministración e instalación de catro módulos de bancadas para o Pavillón de Carril(dous) e para o Pavillón Municipal de Faxilde (dous) e da solicitude de subvención con cargo ao II Plan extraordinario de Infraestruturas deportivas:

O Pavillón Municipal de Carril e o Pavillón Municipal de Faxilde son instalacións deportivas de titularidade municipal, na cales, desenvólvense adestramentos e competicións oficiais de carácter autonómico polos clubs Balonmán Arousa, Fútbol Sala Salnés, Asociación Vilagarcía Esgrima, así como o uso para as actividades lectivas que fan de setembro a xuño os Colexios de educación infantil e primaria Rosalía de Castro de Carril e o CEIP Vilaxoán, xa que ámbolos centros carecen de pavillón cuberto.

O Pavillón Municipal de Carril ten na actualidade unha bancada pequena e antiga que non cumpre coas normas de seguridade e distancia ata a liña de xogo que esixen as Federacións Galegas de Fútbol e de Balonmán para o desenvolvemento das competicións oficiais, o que se reflite en numerosas actas por parte dos árbitros que asisten a instalación.

Pola súa banda o Pavillón Municipal de Faxilde carece de gradaría, o que conleva que cada vez que desenvólvese unha competición no mesmo, haxa que trasladar cadeiras de plástico para que os seareiros e familiares poidan estar sentados disfrutando das competicións.

A implementación das bancadas no Pavillón Municipal de Carril e no Pavillón Municipal de Faxilde representa unha mellora significativa na instalación, tanto para os clubs locais como para os clubs visitantes, así como dos espectadores e familiares que acuden a instalación, xa que coas bancadas:

1. Mellorase a Experiencia do Espectador: A instalación dunha bancada permitirá que os siareiros

e familiares dos deportistas poidan disfrutar dos encontros e adestramentos en un espacio cómodo e seguro. Isto fomentará unha maior asistencia e apoio aos equipos locais.

2. Fomento do Deporte Local: Unha bancada adecuada pode atraer a máis espectadores, o que non só beneficia a os equipos, senón que tamén promove o deporte na comunidade. Isto pode inspirar a máis xoves a participar en actividades deportivas.

3. Incremento da Capacidade: Sen unha bancada pavillón ten unha capacidade limitada para albergar aos seareiros e familiares dos cativos que practica deporte. A instalación de unha bancada permitirá que máis persoas asistan as competicións.

4. Seguridade e Comodidade: Unha bancada ben deseñada proporciona un espazo seguro e cómodo para os seareiros, evitando situacións de aglomeración e mellorando a experiencia xeral no pavillón.

5. Oportunidade para Eventos: Con unha bancada, os pavillóns podería ser máis atractivos para a organización de competicións e eventos, non solo de balonmán e fútbol sala, senón tamén de outros deportes, aumentando así o seu uso e relevancia na comunidade.

6. Impacto Social Positivo: A creación de un espazo para que a comunidade se reúna e apoie a os seus equipos pode fortalecer os lazos sociais e promover un sentido de pertenza.

O obxecto da presente actuación é, por tanto, a subministración e instalación de catro módulos de bancadas para o pavillón municipal de Carril (dous) e para o pavillón municipal de Faxilde (dous).

O orzamento de licitación ascende á cantidade de 32.510,16€ (IVE engadido).

O prazo de execución establecido no referido documento técnico é de 1 mes.

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 22 de outubro de 2024, BOPPO nº 203, publica as bases reguladoras e convocatoria do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, coa finalidade de activar unha convocatoria de subvencións que permita aos concellos interesados dispoñer de financiamento para acometer actuacións de modernización e mellora das infraestruturas deportivas xa existentes, así como novas construcións.

Vista a Resolución Presidencial da Deputación de Pontevedra, do 4 de novembro de 2024, relativa á aprobación do repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello da provincia e indicación do importe máximo de subvención ao que pode optar cada concello, que dispón para o concello de Vilagarcía un importe total máximo de 312.190,88 €.

Visto o que antecede,

A Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas para a “Subministración e instalación de catro módulos de bancadas para pavillón municipal de Carril (dous) e para o pavillón municipal de Faxilde (dous)”, redactado polo Director de Actividades Deportivas, don Juan Miguel Doval Blanco, cun orzamento de 32.510,16€ (IVE engadido).

2.- O investimento relativo á subministración e instalación de catro módulos de bancadas para pavillón municipal de Carril (dous) e para o pavillón municipal de Faxilde (dous), encádrase no exercicio das competencias municipais, de conformidade co establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 25.2.I e 26.1); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos seus artigos 80.2.n) e 81.c) e na Lei 3/2012, de 2 de abril, de deporte de Galicia (artigo 8).

3.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, a cantidade de 32.510,16€, para financiar o investimento de subministración e instalación de catro módulos de bancadas para pavillón municipal de Carril (dous) e para o pavillón municipal de Faxilde (dous).

Dáse conta da proposta do Concelleiro de Deportes para a aprobación do prego de prescricións técnicas para a subministración dunha caseta para o Campo de Fútbol Municipal de A Pelada e da solicitude de subvención con cargo ao II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas:

O campo de fútbol Municipal de A Pelada é unha instalación deportiva de titularidade municipal, na que se desenvolven adestramentos e competicións oficiais de carácter autonómico polos clubs Escola Deportiva Arousa, e Atlético Faxilde C.F. así como diversos torneos de carácter autonómico de diferentes categorías.

Esta instalación conta con só con dous vestiarios para que se poidan cambiar e duchar os deportistas que participan nos adestramentos e tamén nas competicións. O uso que ten o campo de fútbol fai que nas competicións e nos torneos se sucedan varios partidos no mesmo día, sendo insuficientes os dous vestiarios existentes, un para o equipo local e outro para o equipo visitante.

De aí a necesidade da dotación dun módulo diáfano que sirva como vestiario provisional para os xogadores que esperan a poder entrar no vestiario propio da instalación entre un partido e outro.

Esta necesidade xustifícase en base a:

- Aumento da demanda: Durante as competicións da fin de semana e nos torneos, o número de equipos que utilizan a instalación a capacidade dos vestiarios existentes. Isto xera unha situación de amontoamento e falla de privacidade para os deportistas, o que pode afectar a o e seu rendemento e comodidade.
- Mellora da experiencia do deportista: Contar cun vestiario adicional permitirá que cada equipo teña seu propio espazo para prepararse antes dos encontros. isto no só mellora a experiencia dos xogadores, senón que tamén contribúe a un ambiente máis profesional e organizado.
- Facilitación da loxística: Ao ter unha caseta diáfana como vestiario, simplificará a loxística dos eventos deportivos. Os equipos poderán cambiarse e prepararse sen a presión de compartir un espazo limitado, o que facilitará a xestión dos horarios e a puntualidade nos encontros.
- Fomento da inclusión: Un vestiario adicional pode ser deseñado para ser accesible e cómodo para tódolos xogadores, incluíndo a aqueles con necesidades especiais. Isto promove un ambiente inclusivo e equitativo no deporte.
- Condicións de hixiene e comodidade: A falla de espazo adecuado pode levar a condicións insalubres e pouco cómodas para os deportistas. Unha caseta diáfana pode ser equipada con bancos e colgadoiros mellorando así a hixiene e a comodidade.
- Versatilidade do espazo: Unha caseta diáfana no só pode servir como vestiario, senón que tamén pode ser empregada para outras actividades, como reunións de equipo, almacenamento de equipo deportivo ou incluso como un espazo para o lecer dos adestradores e árbitros.
- Inversión no deporte local: Proporcionar un vestiario adicional demostra un compromiso con desenvolvemento do deporte na comunidade. Isto pode atraer a máis equipos e xogadores, fomentando a participación e o interese no fútbol local.
- Preparación para o futuro: É fundamental anticiparse ás necesidades futuras. Unha caseta diáfana pode ser unha solución

O obxecto da presente actuación é, por tanto, a subministración dunha caseta para o campo de fútbol municipal de A Pelada.

O orzamento de licitación ascende á cantidade de 12.841,50€ (IVE engadido).

O prazo de execución establecido no referido documento técnico é de 1 mes.

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 22 de outubro de 2024, BOPPO nº 203, publica as

bases reguladoras e convocatoria do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, coa finalidade de activar unha convocatoria de subvencións que permita aos concellos interesados dispoñer de financiamento para acometer actuacións de modernización e mellora das infraestruturas deportivas xa existentes, así como novas construcións.

Vista a Resolución Presidencial da Deputación de Pontevedra, do 4 de novembro de 2024, relativa á aprobación do repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello da provincia e indicación do importe máximo de subvención ao que pode optar cada concello, que dispón para o concello de Vilagarcía un importe total máximo de 312.190,88 €.

Visto o que antecede,

A Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas para a “Subministración dunha caseta para o campo de fútbol municipal de A Pelada”, redactado polo Director de Actividades Deportivas, don Juan Miguel Doval Blanco, cun orzamento de 12.841,50€ (IVE engadido).
- 2.- O investimento relativo á Subministración dunha caseta para o campo de fútbol municipal de A Pelada, encádrase no exercicio das competencias municipais, de conformidade co establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 25.2.I e 26.1); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos seus artigos 80.2.n) e 81.c) e na Lei 3/2012, de 2 de abril, de deporte de Galicia (artigo 8).
- 3.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, a cantidade de 12.841,50€, para financiar o investimento de Subministración dunha caseta para o campo de fútbol municipal de A Pelada.

PRP2025/0116

Dáse conta da proposta do Concelleiro de Deportes para a aprobación do prego de prescricións téncinas para a subministración e acondicionamento para o ximnasio do pavillón Municipal de Fontecarmoa I e da solicitude de subvención con cargo ao II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas:

O pavillón polideportivo de Fontecarmoa foi obxecto dunha profunda remodelación, principalmente cun orzamento superior aos 2.000.000,00€, cuxo obxectivo foi solventar os problemas de humidade e filtracións que ata o momento soportaba a instalación. A parte baixa do pavillón, onde hai catro vestiarios e o ximnasio non foron remodelados coa obra, agás extracción de aire neses espazos.

O ximnasio, que leva moitos anos sen que se fagan inversión no mesmo, é empregado exclusivamente para a preparación física e a rehabilitación dos lesionados dos clubs Agrupación Atlética Mazí, Atlético Arousana, Arosa S.C., Os Ingleses Rugby Club, A.D. Cortegada e Basket Base Club.

Esta acondicionamento viría coa modernización dun espazo actualmente obsoleto, cunha superficie que presenta un desgaste significativo, o que afecta a seguridade dos usuarios. Coa nova superficie poderase realizar unha reorganización do espazo, o que permitirá mellorar as posibilidades de adestramento para o desenvolvemento da preparación física dos deportistas.

Co acondicionamento do do ximnasio conseguiríase:

- Aumentar a seguridade: a renovación do pavimento garantirá un entorno máis seguro para as/os usuarias/os, reduciendo o risco de lesións.
- Mellorar o rendemento, xa que con un equipamento moderno e funcional permítese aos deportistas realizar adestramentos máis efectivos e específicos.

- Fomentar la motivación: Un entorno de adestramento renovado e atractivo pode aumentar la motivación e o compromiso dos deportistas cos clubs locais.

O obxecto do contrato é o acondicionamento do ximnasio, coa instalación de pavimento específico para este tipo de instalacións deportivas o que permitirá a reorganización do espazo cunha nova distribución para optimizar o uso do mesmo.

O orzamento deste subministro ascende á cantidade de 17.218,77 € (IVE engadido).

O prazo de execución establecido no referido documento técnico é de 2 meses.

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 22 de outubro de 2024, BOPPO nº 206, publica as bases reguladoras e convocatoria do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, coa finalidade de activar unha convocatoria de subvencións que permita aos concellos interesados dispoñer de financiamento para acometer actuacións de modernización e mellora das infraestruturas deportivas xa existentes, así como novas construcións.

A Resolución Presidencial da Deputación de Pontevedra, do 04 de novembro de 2024, relativa á aprobación do repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello da provincia e indicación do importe máximo de subvención ao que pode optar cada concello, dispón para o concello de Vilagarcía un importe total máximo de 312.190,88 €.

Visto o que antecede,

A Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o “SUBMINISTRACIÓN E ACONDICIONAMENTO PARA O XIMNASIO DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE FONTECARMOA I.”, redactado polo director de actividade deportivas, don Juan Miguel Doval Blanco, cun orzamento de 17.218,77 € (IVE engadido).
- 2.- O investimento relativo á subministración e acondicionamento para o ximnasio do Pavillón Municipal de Fontecarmoa I, encádrase no exercicio das competencias municipais, de conformidade co establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 25.2.I e 26.1); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos seus artigos 80.2.n) e 81.c) e na Lei 3/2012, de 2 de abril, de deporte de Galicia (artigo 8).
- 3.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, a cantidade de 17.218,77 €, para financiar o investimento “SUBMINISTRACIÓN E ACONDICIONAMENTO PARA O XIMNASIO DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE FONTECARMOA I”.

PRP2025/0117

Dáse conta da proposta do Concelleiro de Deportes para a aprobación do prego de prescrición técnicas para a subministración de unha pista desmontable de PVC no Pavillón Multiusos de Fexdega-Concello de Vilagarcía de Arousa e da solicitude de subvención con cargo ao II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas:

O Concello de Vilagarcía ten un convenio coa Fundación Fexdega para o uso do recinto ferial, para o desenvolvemento da actividade deportiva municipal. Dentro do recinto hai implementadas 4 pistas de pvc, que son utilizadas para o desenvolvemento das actividades físicas organizadas pola Fundación de Deportes municipal nos programas de Actividades Físico Deportivas para adultos así como no de Escolas Deportivas Municipais. Amáis tamén son empregadas para os adestramentos e competicións de entre outros clubs polo AD Cortegada, Basket Base Club, C.B Vilagarcía, así como para o desenvolvemento de eventos deportivos como o Memorial Miguel Ángel González, o Vilagarcía Basket Cup ou o de deporte inclusivo como os Xogos Minoritarios de Special Olympics Galicia.

Estas pistas, en numerosas ocasións son insuficientes para cubrir a demanda de actividade para adestramentos e competicións que se desenvolven na instalación.

A implementación de unha quinta pista representa unha mellora significativa na instalación, xa que coa mesma cubrese:

- Aumento da demanda deportiva: As 4 pistas deportivas son insuficientes para cubrir a crecente demanda de espazo para adestramentos e competicións. Co aumento do número de deportistas, equipos e eventos que se realizan na instalación, presentase a necesidade de contar con máis espazo para atender a demanda e evitar a saturación das pistas existentes.
- Mellorar a eficiencia na programación de actividades: A falla de suficientes pistas xenera conflitos na programación de adestramentos e eventos, o que impacta negativamente na organización da actividade deportiva. A adquisición de unha pista adicional permitiría optimizar o uso da instalación, reduciendo tempos de espera e mellorando a distribución das actividades sin interferir con outras.
- Mellorar a calidade das competicións e adestramentos: As pistas actuais, ao estar sometidas a unha alta demanda, non sempre ofrecen as condicións ideais para adestramentos de calidade. Ao agregar unha nova pista deportiva de PVC, asegúrase que os adestramentos e eventos se levarían a cabo nun ambiente adecuado, mellorando o rendemento dos deportistas.
- Pista de PVC como solución económica e versátil: As pistas deportivas de PVC son unha opción custo-efectiva e de baixo mantemento comparadas con outras superficies. Ademais, o PVC é un material duradero, resistente e adecuado para diferentes disciplinas deportivas, o que lle confiere unha alta versatilidade no seu uso.
- Incremento da capacidade da instalación: A adquisición de unha pista adicional permitirá á instalación aumentar o número de usuarios simultaneamente, o cal non só satisface a demanda actual, senon que tamén posiciona a instalación como un centro deportivo máis completo e preparado.

O obxecto do contrato é a subministración de unha pista desmontable de PVC de 40 m x 20m.

O obxectivo técnico que se pretenden alcanzar son os seguintes:

Dotar de unha pista deportiva de PVC o pavillón multiusos de Fexdega para cubrir a crecente demanda de espazo para adestramentos e competicións dos diferentes clubs e modalidades deportivas do Concello. O pavimento estará deseñado para instalación deportiva en recintos interiores para competicións ou adestramentos para deportes como baloncesto, balonmano, voleibol, bádminton e fútbol sala.

O orzamento deste subministro ascende á cantidade de 24.923,34 € (IVE engadido).

O prazo de execución establecido no referido documento técnico é de 1 mes.

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 22 de outubro de 2024, BOPPO nº 206, publica as bases reguladoras e convocatoria do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, coa finalidade de activar unha convocatoria de subvencións que permita aos concellos interesados dispoñer de financiamento para acometer actuacións de modernización e mellora das infraestruturas deportivas xa existentes, así como novas construcións.

A Resolución Presidencial da Deputación de Pontevedra, do 04 de novembro de 2024, relativa á aprobación do repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello da provincia e indicación do importe máximo de subvención ao que pode optar cada concello, dispón para o concello de Vilagarcía un importe total máximo de 312.190,88 €.

Visto o que antecede,

A Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o “SUBMINISTRACIÓN DE UNHA PISTA DESMONTABLE DE PVC NO PAVILLÓN MULTIUSOS DE FEXDEGA”, redactado polo director de actividade deportivas, don Juan Miguel Doval Blanco, cun orzamento de 24.923,34 € (IVE engadido).
- 2.- O investimento relativo á subministración dunha pista desmontable de PVC no Pavillón Multiusos de FEXDEGA encádrase no exercicio das competencias municipais, de conformidade co establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 25.2.l e 26.1); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos seus artigos 80.2.n) e 81.c) e na Lei 3/2012, de 2 de abril, de deporte de Galicia (artigo 8).
- 3.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, a cantidade de 24.923,34 €, para financiar o investimento “SUBMINISTRACIÓN DUNHA PISTA DESMONTABLE DE PVC NO PAVILLÓN MULTIUSOS DE FEXDEGA”.

PRP2025/0118

Dáse conta da proposta do Concelleiro de Deportes para a aprobación do proxecto denominado "Construción de Marquesiñas e outras obras no campo de fútbol de Berdón", e da solicitude de subvención con cargo ao II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas:

O campo de fútbol de Berdón é unha instalación deportiva que alberga a diario actividades de fútbol base de modo que se concentran unha grande cantidade de usuarios, na súa maior parte menores que, con frecuencia van acompañados por familiares. Con obxecto de xerar un espazo cuberto para os acompañantes redactase proxecto técnico polo arquitecto municipal don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña

Co presente investimento preténdese a construción dun espazo cuberto que permita o uso máis cómodo e resgardado da cantina desta instalación deportiva. Tamén se procederá á substitución de placas turcas por inodoros de tanque baixo, a ampliación do muro de peche exterior da instalación e a reparación do canalón do graderío.

O orzamento deste proxecto ascende á cantidade de 33.608,44€ (IVE engadido).

O prazo de execución establecido no referido documento técnico é de 2 meses.

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 22 de outubro de 2024, BOPPO nº 203, publica as bases reguladoras e convocatoria do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, coa finalidade de activar unha convocatoria de subvencións que permita aos concellos interesados dispoñer de financiamento para acometer actuacións de modernización e mellora das infraestruturas deportivas xa existentes, así como novas construcións.

Vista a Resolución Presidencial da Deputación de Pontevedra, do 4 de novembro de 2024, relativa á aprobación do repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello da provincia e indicación do importe máximo de subvención ao que pode optar cada concello, que dispón para o concello de Vilagarcía un importe total máximo de 312.190,88 €.

Visto o que antecede,

A Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar proxecto técnico, redactado polo arquitecto municipal, denominado “Construción de marquesiña e outras obras no campo de fútbol de Berdón”, cun orzamento de 33.608,44€ (IVE engadido).
- 2.- O investimento relativo á construción de marquesiña e outras obras no campo de fútbol de Berdón I, encádrase no exercicio das competencias municipais, de conformidade co establecido

na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 25.2.l e 26.1); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos seus artigos 80.2.n) e 81.c) e na Lei 3/2012, de 2 de abril, de deporte de Galicia (artigo 8).

3.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, a cantidade de 33.608,44€, para financiar o investimento “Construción de marquesiña e outras obras no campo de fútbol de Berdón”.

PRP2025/0133

Dáse conta da proposta do Concelleiro de Deportes para a aprobación do Prego de Prescricións Técnicas para a subministración e instalación de luminarias en Campo de Fútbol de Vilaxoán e da solicitude de subvención con cargo ao II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas:

A iluminación do campo de fútbol municipal de Vilaxoán, está distribuída en catro torres. Na actualidade a amentada iluminación é escasa para as competición que se levar a cabo na citada instalación. Proyéctase o reforzo e mellora da iluminación xeral do campo de fútbol coa que permita solventar estas deficiencias e que as competición que alí se desenvolven cumpran con tódolos estándares esixidos.

Polo enxeñeiro técnico municipal elaborouse documento técnico que ten por obxecto a instalación de 3 novas luminarias por torre que permitan unha mellora efectiva la iluminación de todo o terreo de xogo.

O orzamento de licitación ascende á cantidade de 18.004,80€ (IVE engadido).

O prazo de execución establecido no referido documento técnico é de 2 mes.

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 22 de outubro de 2024, BOPPO nº 203, publica as bases reguladoras e convocatoria do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, coa finalidade de activar unha convocatoria de subvencións que permita aos concellos interesados dispoñer de financiamento para acometer actuacións de modernización e mellora das infraestruturas deportivas xa existentes, así como novas construcións.

Vista a Resolución Presidencial da Deputación de Pontevedra, do 4 de novembro de 2024, relativa á aprobación do repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello da provincia e indicación do importe máximo de subvención ao que pode optar cada concello, que dispón para o concello de Vilagarcía un importe total máximo de 312.190,88 €.

Visto o que antecede,

A Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar a memoria técnica valorada de “SUBMINISTRACION E INSTALACIÓN DE LUMINARIAS EN CAMPO DE FÚTBOL DE VILAXOÁN”, redactada polo enxeñeiro técnico municipal, cun orzamento de 18.004,80€ (IVE engadido).

2.- O investimento relativo á subministración e instalación de luminarias en campo de fútbol de Vilaxoán, encádrase no exercicio das competencias municipais, de conformidade co establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 25.2.l e 26.1); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos seus artigos 80.2.n) e 81.c) e na Lei 3/2012, de 2 de abril, de deporte de Galicia (artigo 8).

3.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, a cantidade de 18.004,80€, para financiar o investimento de subministración e instalación de luminarias en campo de fútbol de Vilaxoán.

PRP2025/0134

Dáse conta da proposta do Concelleiro de deportes para aprobar o proxecto denominado "Reforma da Pista de Atletismo de Fontecarmoa", e da solicitude de subvención con cargo ao II Plan

Extraordinario de Infraestruturas Deportivas:

No complexo deportivo de Fontecarmoa ubícase unha pista de atletismo que na actualidade conta cos seguintes datos técnicos:

“-Número de colas: 1

- Número de rúas: 6/8 de ancho 1,22m

- Número de radios: 1 cunha lonxitude de 36,5m”

As prácticas deportivas existentes son as seguintes:

“- Saltos horizontais: 2 fosos, 4 corredores e táboas de batida a 3, 11 e 13m dos fosos

- Salto con pértiga: 6 corredores, 2 caixiñas en luneta de meta, 2 en luneta de ría e 2 en corredores de saltos horizontais

- Salto de altura

- Lanzamentos: con 3 círculos para peso e 1 para disco e martelo, 1 gaiola e corredor para xavelina en luneta de ría e 1 en meta”.

Dada a data de construción da instalación e o seu uso, o estado xeral desta é deficiente e mellorable, requirindo unha serie de corrección antes de proceder a actualizar a súa homologación.

Os puntos máis relevantes que cabe destacar do actual estado son os seguintes:

- PINTURA: As liñas da instalación están despintadas ou non son visibles correctamente. Existen marcas non vixentes ou que non están ben referenciadas.

- PAVIMENTOS: Algunhas zonas da pista teñen irregularidades, con superficies que non se aprecian do todo firmes e uniformes, tal e como dita o regulamento. Trátase dun pavimento sintético de caucho proxectado que está desgastado polo seu uso, con algún pequeno roto na luneta de meta sobre o corredor de xavelina. Os corredores de saltos horizontais están afundidos nas zonas das táboas de batida.

- BORDOS: Nos fosos de caída dos saltos horizontais atópanse parcialmente ocultos por terra e herba. Existen tramos como a contra recta e a curva de ría onde hai varios segmentos de bordo que se atopan intercambiados ou fóra do seu lugar orixinal.

- CHAPAS SEÑALIZADORAS: As marcas das zonas de substitucións e as chapas que as sinalizan non están conforme ao regulamento vixente.

- CÍRCULOS DE LANZAMENTO/PESO: Nun dos círculos non existe contedor e o aro atópase notablemente desalineado coa superficie adxacente. Nos outros dous, os contedores están parcialmente rotos e teñen unha folgura considerable entre o chan e o contedor.

- OBSTÁCULO DA RÍA: Atópase nun estado de deterioración manifesta, coa madeira superior rota e astilada.

- ILUMINACIÓN: Deficiente en xeral para alumiar o conxunto da instalación

Co presente investimento preténdese a realizar as actuacións necesarias para dotar á pista das mellores condicións deportivas e así aumentar as horas de uso e garantir a práctica do atletismo aos clubs e deportistas en calquera época do ano. Manteranse as dimensións actuais e actuarase unicamente sobre os acabados, equipamentos e iluminación

Para conseguir estas melloras, redactouse proxecto técnico por NAOS 04 Arquitectos, S.L.P., que conta con informe de supervisión emitido polo arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, de data 17 de xaneiro de 2025. No amentado proxecto detállanse as seguintes intervencións:

- PINTURA: É necesario o repintado xeral das liñas delimitadoras das rúas e da liña de meta, así como as sinalizacións necesarias no resto da pista.

- PAVIMENTOS: Reparacións ou substitucións segundo a zona danada. No corredor de saltos horizontais instálase un pavimento de caucho prefabricado fornecido en rolos e na recta de meta e as medias lúas sobre o corredor de xavelina recórtanse as áreas rotas ou en mal estado para completarse co mesmo material, caucho proxectado. Previamente á colocación do pavimento

comprobaranse as pendentes.

- BORDOS: “Descóbrense” nos fosos de caída dos saltos horizontais para que queden ao mesmo nivel que a superficie do corredor. Colócanse novas táboas de batida coas súas correspondentes tapas nos corredores dos saltos horizontais. Reposición ou recolocación naqueles lugares nos que estean mal colocados.

- CHAPAS SEÑALIZADORAS: Eliminar aquelas que cren confusión e situar novas para as marcas pintadas sobre a pista e para as marcas das probas de substitucións, adaptándose ao regulamento vixente.

- CÍRCULOS DE LANZAMENTO/PESO: Substitúense os tres contedores existentes e fíxanse correctamente ao chan.

- OBSTÁCULO DE RÍA: Substitúese o traveseiro do obstáculo e corríxese a posible diferenza de altura para axustarse á requirida para as carreiras.

- ILUMINACIÓN: Aínda que xa hai unha iluminación existente na pista, leste é insuficiente. Instálanse novos proxectores LED e retíranse os báculos existentes.

O orzamento deste proxecto ascende á cantidade de 164.255,86€ (IVE engadido).

O prazo de execución establecido no referido documento técnico é de 3 meses.

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 22 de outubro de 2024, BOPPO nº 203, publica as bases reguladoras e convocatoria do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, coa finalidade de activar unha convocatoria de subvencións que permita aos concellos interesados dispoñer de financiamento para acometer actuacións de modernización e mellora das infraestruturas deportivas xa existentes, así como novas construcións.

Vista a Resolución Presidencial da Deputación de Pontevedra, do 4 de novembro de 2024, relativa á aprobación do repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello da provincia e indicación do importe máximo de subvención ao que pode optar cada concello, que dispón para o concello de Vilagarcía un importe total máximo de 312.190,88 €.

Visto o que antecede,

A Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar proxecto técnico, redactado NAOS 04 Arquitectos, S.L.P., denominado “Reforma de pista de atletismo Fontecarmoa”, cun orzamento de 164.255,86€ (IVE engadido).

2.- O investimento relativo á reforma da pista de atletismo Fontecarmoa, encádrase no exercicio das competencias municipais, de conformidade co establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 25.2.l e 26.1); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos seus artigos 80.2.n) e 81.c) e na Lei 3/2012, de 2 de abril, de deporte de Galicia (artigo 8).

3.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, a cantidade de 164.255,86€, para financiar o investimento “Reforma de pista de atletismo Fontecarmoa”.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2025/0073

Ayts Solucións Informáticas presenta á entidade Concello de Vilagarcía de Arousa orzamento para a realización do Servizo de Peche Contable do exercicio 2024 e, adicionalmente, outros servizos opcionais. Esta empresa “prestará directamente os Servizos de Peche Contable, con consultores especialistas en contabilidade pública, naqueles clientes da base instalada que teñan o produto contable SicalWin segundo o seguinte detalle de actividades:

- Análise, validación e corrección de datos contables

- Revisión e corrección de todas as incoherencias e validación de datos contables. É un proceso que se debe realizar previo ao proceso de peche, o cal garante a realización do peche contable cun resultado que representa unha imaxe fiel da execución orzamentaria da entidade. Este proceso é executado por Berger Levrault antes do peche contable e non de maneira periódica, exceptuando a necesidade de executalo para a elaboración de información ou gravación de operacións previas ao devandito proceso.
- Asesoramento nas cuestións relativas a: Preparación da liquidación (Execución orzamentaria, Remanente Líquido de Tesourería, Resultado orzamentario, Balance de Situación, Conta de Resultados económico-patrimonial, Estado de Cambios no Patrimonio Neto e Estado de Fluxos de Efectivo), Asentos de periodificación e axustes extrapresupuestarios, Dotación de provisións, Amortizacións, Imputación de subvencións recibidas ao resultado do exercicio, Reclasificación dos aprazamentos e fraccionamentos e pasivo.
- Traspaso en bloque de todos saldos finais do exercicio obxecto de peche unha vez que se encontre a entidade en disposición de peche ou liquidación.
- Preparación da liquidación de presuposto
- Realización del asento de peche contable
- Realización do asento de apertura da contabilidade financeira do exercicio 2025”.

A asistencia está prevista para o día 25 de febreiro, se ben este podería retratarse se o Concello non tivese revisado e contabilizado todos datos e elementos precisos para a realización das actuacións contables contratadas. Ademais a asistencia prolongarase polo tempo preciso ata que os traballos esteen correctamente prestados de acordo coa normativa contable local.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento da empresa Aytos Soluciones Informáticas S.L.U (B-41632332), para a prestación do servizo de asistencia técnica para o peche contable do ano 2024 por un importe de 3.872,00 € (IVE ENGADIDO), con cargo a aplicación orzamentaria 931.22706 “Estudos e traballos técnicos. Administración financeira e tributaria”.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.